

U + Sociedade P3

Universidade e emprendemento

Antonio Abril Abadín

PRESIDENTE DO CONSELLO SOCIAL DA UNIVERSIDADE



U + Reportaxe P4-9

Inauguración do curso 2011-2012

Último discurso de apertura do ano académico

O cambio tranquilo

Relevo na UDC tras oito anos de mandato do reitor

A aposta do equipo de goberno centrouse sempre na transparencia, o traballo en equipo e a participación da comunidade universitaria

U + Entrevista P10-11

José María Barja

REITOR DA UDC

“Na universidade temos unha enorme capacidade para adaptarnos aos cambios porque a nosa autocrítica é brutal”



U + Cooperación P12

A UDC colabora co grupo Inditex para o desenvolvemento da educación en Bangladesh



U + Profesionais P13

Diego Ferreiro

LICENCIADO EN INFORMÁTICA POLA UDC. TRABALLA NA EMPRESA YAHOO EN SAN FRANCISCO.

“Non podemos esperar que as ofertas caian do ceo, a sorte hai que a buscar”

U + Empresa P14

Santiago Mediano Abogados

O compromiso dunha firma punteira no desenvolvemento da actividade investigadora

U + Actualidade P15

Medra o uso das redes sociais como ferramenta de contacto coa comunidade universitaria

Grande éxito de participación da última edición dos cursos de verán

Premios Nacionais ao Rendemento Académico para alumnos da UDC

A Facultade de Humanidades chamarase de Humanidades e Documentación

Nace o novo departamento de Enxeñaría Naval e Oceánica



U + Personaxes P16

Xosé Manuel Casabella

ARQUITECTO. ACABA DE CULMINAR O SEU LABOR COMO DIRECTOR DA ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ARQUITECTURA DA CORUÑA



INFORMACIÓN E SUXESTIÓNS

comunicacion@udc.es
www.udc.es

EDITA

Universidade da Coruña
Vicerreitoría de Cultura e
Comunicación
REITORÍA
RÚA DA MAESTRANZA 9
15001 A CORUÑA
TEL. 981 167 000 EXT. 1047
comunicacion@udc.es

COORDINACIÓN, TEXTOS E FOTOGRAFÍA:

Gabinete de Comunicación

REVISIÓN LINGÜÍSTICA:
Servizo de Normalización
Lingüística

DESEÑO E MAQUETACIÓN:
Sistema Diseño

DEPÓSITO LEGAL:
C 2038-2009

Impreso en papel 100% ecolóxico



ENDEREZOS DE INTERESE

Vicerreitoría de Ferrol e
Relación Universidade-Empresa
R/DR. VÁZQUEZ CABRERA, S/N
CAMPUS DE FERROL 15403 FERROL
TEL. 981 337 400 EXT. 3800
vfrue@udc.es

OTRI: Oficina de Transferencia
de Resultados de Investigación
EDIFICIO DE SERVICIOS
CENTRAIS DE INVESTIGACIÓN
CAMPUS DE ELVIÑA S/N
15071 A CORUÑA
TEL. 981 167 173
ucotri@udc.es

Portal de Empleo
<http://www.udc.es/saee/empregoudc/>

Servizos de Apoio á
Investigación
EDIFICIO SERVICIOS CENTRAIS
DE INVESTIGACIÓN
CAMPUS DE ELVIÑA S/N
15071 A CORUÑA
TEL. 981 167 000 EXT. 2072
sxaisec@udc.es

Observatorio Ocupacional
CENTRO UNIVERSITARIO
DE RIAZOR
ALMIRANTE LÁNGARA S/N
15011 A CORUÑA
TEL. 981 167 000. EXT. 2651
col@udc.es

Vicerreitoría de Investigación
RÚA DA MAESTRANZA 9
15001 A CORUÑA
TEL. 981 167 003
vi@udc.es

Sobre comunicación e outras árbores

Luís Caparrós Esperante

Vicerreitor de Cultura e Comunicación da UDC

U+S recapitula un ciclo de oito anos, os do reitorado de Xosé María Barja. Oito anos son un bo anaco de vida, incluso para una universidade nova. Por fortuna as universidades, acaso pola ilusión de eterna mocidade das aulas, acaso pola simboloxía da árbore do coñecemento, posúen a capacidade de se rexenerar polos anos e os anos. Ben é certo que o equipo saínte e o propio Barja axudamos non pouco á natureza coa limitación de mandatos, medida revitalizante máis aló da botánica propiamente dita. En todo caso, 2012 verá un novo reitor e un equipo renovado. Gaudeamus, igitur.

Como parte activa no proceso, evitarei no posible as valoracións, mais non renuncio a glosar dous aspectos renovadores: comunicación e proxección social. O lema da transparencia foi sentido e valorado pola comunidade universitaria, que o ratificou co seu apoio en dúas eleccións sucesivas. Transparencia significaba en 2003 –como en 2011– abriremos as portas da información –tamén da participación responsable– a cantas persoas formamos a Universidade da Coruña. For cal for o signo do novo goberno, haberá de respectar ese logro. Hoxe vese natural a consulta aberta das nosas contas na web e considérase igualmente natural sometelas a votación no claustro. É só un exemplo. Mais aquilo que parece natural é froito dunha resolución democrática e participativa nacida da propia comunidade universitaria. En tempos en que se propugnan alternativas xerenciais e empresariais para a gobernanza das universidades convén lembralo.

A transparencia é unha actitude, unha determinada ética da comunicación. Mais a comunicación en si mesma, no sentido máis neutro, é unha ferramenta que rexe boa parte da actividade en empresas e institucións. Atención. Non hai verdadeira transparencia sen comprensión dos modos e papel da comunicación. É necesario entender con naturalidade o papel crítico dos medios. Hai quen pensa aínda nos vellos gabinetes de prensa ou quen atribúe titulares en tal xornal aos nosos propios responsables de comunicación. Os gardiáns da técnica recean tamén de comunicadores e de deseñadores. E para que falar da

eterna disputa do gusto! Non faltará quen se encha a boca de apelacións ao marketing e logo será incapaz de recoñecelo no noso día a día.

A Universidade da Coruña deu pasos importantísimos na dirección correcta. No interior queda aínda moito por facer, en grande medida por carencias estruturais e históricas ben coñecidas. Malia esas carencias, a comunicación interna flúe razoablemente ben. Cara ao exterior, aparecemos cunha imaxe corporativa singular e recoñecible, factor da meirande importancia para o posicionamento e a valoración sociais. Facemos virtude da nosa mocidade, proxectamos modernidade, responsabilidade social, renovación e innovación. Estamos na vangarda, e non soamente na tecnolóxica. Enténdase ben: proxectámolo sen distorsión da realidade. Somos así e ademais sabemos transmitilo. A identidade corporativa tamén se proxecta no interior mediante ferramentas en liña que facilitan e abaratan a xestión e, para alén disto, reforzan a cohesión. Identifícanos na marca Universidade da Coruña.

Onde fican logo os límites entre o instrumental e o esencial? Comunicación non se identifica totalmente con proxección social. Moito menos con responsabilidade social. Comunicamos ben, pero debemos ser conscientes do valor social da nosa proxección, daquilo que transmitimos.

É cada vez máis habitual a contaminación do léxico empresarial, que tende a desprezar os valores propiamente humanos e a formación integral da persoa, propios da universidade, a favor de números ou de balanços de resultados. Non vou insistir nos aspectos que desenvolve nestas mesmas páxinas o presidente do Consello Social. Por suposto que necesitamos axitar na mocidade universitaria a conciencia do emprendemento. Todo iría mellor se a formación que recibe propiciase o risco razoable e medido para a creación de empresas. Non descubro nada cando digo que no mundo actual os coñecementos técnicos levan datas curtas de caducidade. Importan cada vez máis os valores que Abril cifra en “competencias, habilidades,

aptitudes e actitudes”. O que me gustaría subliñar é que tales valores non se esgotan no espazo das empresas. É máis, acoutamos en exceso proxección social, aptitudes e valores dentro do marco empresarial, acaso por fascinación do que máis carecemos. Desconfiemos porén da fácil relación entre progreso económico e bondade do sistema, como algunha economía emerxente non deixa de lembrarnos.

Na árbore clásica do coñecemento universitario está inscrita a formación integral do individuo, da que a capacitación técnica e laboral é só unha parte. Persoalmente, gustaría ver en Normal, “espazo de intervención cultural da Universidade da Coruña”, algo máis que comunicación ou proxección social. Normal deba ser o xermolo universitario desa centralidade da persoa, un lugar de encontro, de compromiso e de intercambio entre a cidadanía crítica e o mundo académico. Fálase moito do modelo norteamericano, case sempre hoxe para cuestionar a tradición europea de benestar. Ten moitas bondades o modelo norteamericano, propio dunha sociedade ben máis diferente do que gustamos recoñecer. Acaso non aniña no mellor da súa cultura unha pulsión crítica, inconformista, mesmo rebelde? Non é o que caracterizou e caracteriza aínda hoxe a moitas das súas figuras sobranceiras en cinema, en arte, en música, en literatura, en pensamento, en ciencia? Acaso esquecemos que o lingüista e axitador intelectual Noam Chomsky está en nómina no MIT?

Aprendermos a pensar criticamente. Aprendermos a ser outros, diferentes. Aprendermos a humildade intelectual de mudar cando cómpre facelo. Aprendermos a camiñar polo propio pé, incluso sen mapa. En plena expansión da sociedade tecnolóxica, cando os resortes conservadores propiciados pola crise nos agarrotan, cando todo está suxeito a cambio e precisamente o cambio é aquilo que máis asusta, todo iso debería ser parte substancial da formación universitaria e do modelo que como institución proxectamos.

Falaba de comunicación... .



Antonio Abril Abadín

Presidente do Consello Social da Universidade

Universidade e emprendemento

Universidade & Sociedade Blogpaper



Directorio P2

Editorial P2

U + Sociedade P3

Antonio Abril Abadín

U + Reportaxe P4-9

Inauguración do curso 2011-2012

Último discurso de apertura de curso do Reitor

O Cambio Tranquilo

Relevo na UDC tras oito anos de mandato de José María Barja

A aposta do equipo de goberno centrouse sempre pola transparencia, o traballo en equipo e a participación da comunidade universitaria

U + Entrevista P10-11

José María Barja

U + Cooperación P12

Aposta pola cooperación da UDC e Inditex

U + Profesionais P13

Diego Ferreiro

U + Empresa P14

Santiago Mediano Abogados

U + Actualidade P15

U + Personaxes P16

Xosé Manuel Casabella

O pasado 24 de xaneiro de 2011 o actual embaixador dos Estados Unidos de Norteamérica en España, Alan D. Solomont, pronunciou unha conferencia na fundación Rafael del Pino baixo o título *Por que florecen os emprendedores en EE.UU.*

Para Solomont, quen, por certo, non é embaixador de carreira e se define a si mesmo como filántropo interesado na política e empresario na súa dobre faceta de negocio e social, existe, de forma incuestionable, unha relación directa entre o éxito dos emprendedores norteamericanos e o liderado dos Estados Unidos en innovación e economía. Cita ese principio, tan integrado na cultura americana, de que *"o que é bo para a General Motors é bo para os Estados Unidos"*, séntese da idea de que a prosperidade americana depende da saúde das súas empresas e a Schumpeter cando dicía que todos os progresos económicos son o resultado de innovacións. Na súa opinión, a razón da gran fortaleza económica dos Estados Unidos é, precisamente, a súa capacidade para transformar ideas en inventos e inventos en industrias e esta innovación é precisamente o traballo dos empresarios, porque un emprendedor, a diferenza dun inventor, é capaz de reunir todos os recursos necesarios (capital, xestión, traballadores e estratexia de negocio) para transformar unha invención ou unha nova idea, nun produto que entra no mercado con éxito.

Pregúntase Solomont por que xorden en Estados Unidos tantos emprendedores e resalta dous factores: o primeiro de tipo cultural, América ama os seus emprendedores, concédelles un estatus máis alto e maiores recompensas que ningún outro país do mundo, en segundo lugar os Estados Unidos desenvolveron unha arquitectura de políticas públicas a través de leis, relacións institucionais e incentivos financeiros que estimulan e apoian o esforzo dos emprendedores.

En España necesitamos emprendedores. O cambio de modelo que ten que facer a economía española, xerando produtos e servizos competitivos nunha sociedade do coñecemento global, só se pode realizar a través do emprendemento baseado na investigación e na innovación e, con todo, a miúdo vemos estatísticas e estudos que reflicten que o emprendemento non é precisamente o obxectivo maioritario do noso estudantado universitario. Fronte a

porcentaxes de vocación empresarial que en Estados Unidos superan amplamente o 70% dos egresados, en España, só unha porcentaxe, que sistematicamente está por debaixo do 10%, quere crear unha empresa ou traballar como autónomo.

Está claro o papel decisivo das universidades no proceso que suma coñecemento, investigación e innovación e que o transforma en capital humano innovador e xerador de desenvolvemento social e económico, pero a pregunta que debemos formularnos é se, ademais, lle podemos pedir ás universidades que sexan fábricas de emprendedores e, por tanto, que creen as condicións axeitadas para que, quen ten aptitude, atope e consolide a súa vocación empresarial, que o leve a crear postos de traballo, riqueza e, en consecuencia, a ser motores económicos da sociedade. Noutras palabras, cal é o papel da educación universitaria na formación do emprendedor? O empresario nace ou faise?

Un recente estudo, titulado *O empresario nace ou faise, educación e empresarialidade na España contemporánea*, publicado na Revista de Historia Económica Journal of Iberian and Latin American Economic History, da Universidade Carlos III de Madrid, trata de investigar, entre os factores que determinan o comportamento empresarial, o posible efecto da educación. A partir dunha base de datos construída cunha mostraxe de grandes empresarios, 643 españois e 1.707 británicos e por medio de análises estatísticas econométricas, estuda os efectos da educación e outras variables sobre algúns parámetros do éxito empresarial. As principais conclusións para España son que o xenio creativo de clase superior non ten gran necesidade de educación, pero con esa única excepción, todo tipo de capacidade empresarial vese potenciada por unha preparación axeitada na idade temperá, de modo que a educación ten un papel determinante na executoria do empresario.

Parece claro que en España hai dúas vías necesarias para mellorar a situación. Por un lado, a mellora do recoñecemento social da figura do empresario como auténtico motor do desenvolvemento socioeconómico e da creación de riqueza. Malia que poida parecer sorprendente, hai aínda moito camiño que percorrer neste sentido na sociedade española. E a segunda vía é a mellora do ensino e da formación nas nosas

universidades en competencias e habilidades profesionais, que é parte importante do contorno que precisan as vocacións empresariais para a súa consolidación. A conclusión que extraen os distintos estudos realizados polos observatorios ocupacionais das universidades públicas españolas é unánime: as universidades públicas forman axeitadamente en coñecementos pero non nesas competencias, habilidades, aptitudes e actitudes que son o caldo de cultivo do emprendemento: a institucionalización do recoñecemento da figura do empresario, o afán do risco como reto positivo e valor socialmente recoñecido, o fracaso como fase necesaria do camiño cara ao éxito, o liderado e a xestión de equipos, o compromiso ético, a necesaria internacionalización nun contorno global onde a sociedade do coñecemento fixo desaparecer as fronteiras para a comercialización de produtos e servizos, a responsabilidade social corporativa como compromiso necesario da empresa e elemento diferenciador da simple especulación económica e un longo etcétera que, en definitiva, constitúe a razón do éxito das empresas que, no contorno de crise económica actual, souberon seguir sendo competitivas e sobrevivir.

Pero obviamente, as universidades teñen as súas limitacións e é evidente que só se ensina o que se coñece. As competencias, e habilidades profesionais e empresariais existen necesariamente nas empresas porque son *conditio sine qua non* para a súa supervivencia, pero sería inxusto pedir que as teña en todo caso o persoal docente e investigador dos centros de ensino superior porque, salvo excepcións, non forman nin poden formar parte do seu acervo profesional, porque non forman parte da súa actividade habitual. É aquí onde xorde con toda evidencia a necesidade de interrelación e achegamento entre a universidade e a empresa. Sexa por compromiso de responsabilidade social corporativa ou por lexítima razón de beneficio, é necesario que as empresas colaboren coas universidades para completar o ensino universitario en coñecementos e para que aquelas sexan capaces de formar futuros profesionais de maneira integral, con experiencia práctica, abrindo e consolidando vocacións empresariais e xerando empresarios, por conta propia ou allea, que se poidan inserir empresarial ou laboralmente nunha sociedade que necesita urxentemente iniciativas que xeren emprego e riqueza.

Inauguración do curso 2011-2012

Último discurso de apertura de curso do Reitor

O Cambio Tranquilo Relevo na UDC tras oito anos de mandato de José María Barja

A aposta do equipo de goberno centrouse sempre pola transparencia, o traballo en equipo e a participación da comunidade universitaria

U + Entrevista P10-11

José María Barja

U + Cooperación P12

Aposta pola cooperación da UDC e Inditex

U + Profesionais P13

Diego Ferreiro

U + Empresa P14

Santiago Mediano Abogados

U + Actualidade P15

U + Personaxes P16

Xosé Manuel Casabella



Inauguración do curso 2011-2012

A crise non puido coa consolidación da maior transición educativa na historia da UDC

Tras unha reconversión dos títulos, cunha oferta académica de 38 graos, 38 programas de doutoramento e 45 mestrados oficiais; cunha capacidade de produción científica que camiña a ritmo estable de progresión e coa vontade permanente de atender un déficit común a todo o Estado: a transferencia de coñecemento e tecnoloxía, a Universidade da Coruña, coas súas debilidades e fortalezas, “está na senda correcta”. Así o sinalaba o reitor da Universidade da Coruña, José María Barja, no seu discurso de apertura do curso académico 2011-2012. Un acto celebrado coa solemnidade habitual, coa presenza de diversas autoridades e numeroso público, idéntico na forma ao de anos anteriores pero moi diferente no fondo. Nesta ocasión, as notas do tradicional *Gaudeamus igitur* que conforman esa atmosfera especial que caracteriza os actos universitarios soaron de forma máis intensa para moitos dos congregados no Paraninfo da Universidade, en especial para José María Barja, que ese 19 de setembro de 2011 pronunciaba o seu último discurso como reitor da UDC.

Non foi ata o final da súa intervención cando lembrou a cita electoral coa que se pechará o ano 2011, e que supón para el unha despedida, xa que para cumprir o que prometera cando tomou posesión por

vez primeira, en xaneiro de 2004, deixará a Reitoría tras rematar o seu segundo mandato. Antes das súas escasas e contidas palabras de despedida, José María Barja fixo repaso dos logros acadados e avanzou os retos de futuro, nun momento moi complicado para a Universidade, que está a sufrir os embates da crise económica.

As súas primeiras palabras foron de felicitación ao doutor Salvador Pita, especialista en epidemioloxía clínica e bioestatística, pola súa rigorosa e ilustrativa lección maxistral, centrada na toma de decisións dos profesionais sanitarios na práctica clínica. Despois chegou a benvida aos 3.500 mozos e mozas que tomaron a decisión de cursar a súa carreira na Universidade da Coruña e aos milleiros de familias que depositan na UDC a súa confianza para formar os seus fillos. Familias que, igual que o resto da sociedade, teñen dereito a coñecer o que acontece dentro da institución.

Nese compromiso de transparencia fundamentou Barja o seu discurso, no que lembrou como os logros máis importantes a culminación da adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior, consolidando a oferta de graos e posgraos, en que se seguirá avanzando pese a

carencia de recursos para adaptar as infraestruturas. No apartado económico, non ocultou o reitor a súa inquedanza polo alcance dalgúns dos recortes que inciden directamente na calidade da docencia e da investigación universitaria, que é estratéxica, clave e esencial para o desenvolvemento económico e para o progreso da sociedade do coñecemento.



ÉN ESTADO DE EMERXENCIA

Debido a estes recortes derivados dunha conxuntura económica que colleu a universidade en plena transición educativa, quizais a maior da súa historia, e pese á boa xestión económica realizada pola UDC nos últimos anos, admitía Barja que os reitores teñen a “incómoda sensación de vivir en estado de emerxencia, obsesionados todo o día por salvar os mobles e minimizar as perdas en intelixencia e coñecemento”. Por iso lle parecen inxustas e incluso “obscenas” as acusacións de ineficiencia e as comparacións con outros países, obviando as diferenzas abismais en canto a recursos dispoñibles. Neste sentido, lembraba que en España se destina a I+D un punto menos que no resto dos países do noso contorno, e dedícase a educación superior un 1,1% do PIB, lonxe do 1,5% da media europea, unha situación que se agrava en Galicia, onde os recursos para as universidades andan pola metade das cifras europeas.

CAPITAL HUMANO EN ESTADO PURO

Así as cousas, Barja amosábase convencido de que outro sistema é posible a pesar da crise económica. Un sistema en que a economía centrada no coñecemento sexa a base fundamental e en que o investimento en educación e en I+D+i sexa estratéxico, como fixeron en Francia ou Alemaña, onde non só non se tocou o investimento universitario e científico, senón que se acrecentou. Porque “as cousas da ciencia non van a golpe de clic”, porque “o saber non se xera dun ano para outro, como unha competición deportiva” e porque “os científicos non se improvisan”, para o reitor é necesario máis que nunca investir nese “capital humano en estado puro” que son os científicos. A consolidación dunha masa crítica docente e científica de calidade require moitos anos de estudo, formación, dedicación, paciencia e constancia. Barja sostén que interromper ese proceso, sen garantir unhas mínimas perspectivas profesionais que hoxe se lle negan aos que queren facer carreira investigadora, será “un grave erro que pagaremos nos anos vindeiros”.

UNHA MENSAXE OPTIMISTA

A pesar deste panorama, quixo José María Barja pechar a súa intervención cunha mensaxe optimista, lembrando o elevado grao de satisfacción que amosan os egresados da UDC nas enquisas sobre a formación recibida nas facultades e escolas da Coruña e Ferrol. “Para nós é un dato sumamente relevante que nos enorgullece e serve de estímulo para continuar subindo chanzas na cultura da calidade introducida estes últimos anos”. Estímulos como este ou como os pasos que se deron en investigación, produción científica ou achegamento da Universidade ao contorno socioeconómico son motivos para seguir camiñando con forza. “Non nos faltan folgos para cumprir a nosa misión no servizo público da educación superior”, prometía Barja, para despedirse do auditorio agradecendo “a colaboración estreita e a crítica responsable de cantos se senten concernidos polo progreso da nosa Universidade da Coruña”.





Último discurso de apertura de curso do Reitor, José María Barja

Moitas grazas, profesor Pita, pola súa rigorosa e ilustrativa lección maxistral sobre o proceso que se abre (como vostede ben dixo: rodeado de incertezas) cada vez que un profesional sanitario ten que tomar decisións na súa práctica clínica.

O doutor Salvador Pita expuso unha clara, realista e, se se me permite, humanista descrición, para explicar a complexidade das resolucións que adoptan os profesionais cando enfrontan a atención aos doentes, cada un coa súa singularidade e as súas íntimas preocupacións. *(Terémolo en conta – meigas fóra– a próxima vez que nos vexamos nesa tesitura).*

E grazas tamén ás autoridades, ás representacións e a todos os membros da comunidade universitaria e amigos que nos acompañan hoxe neste acto.

No Paraninfo escenificamos, ano tras ano, o punto de arranque dun novo curso académico e dámoslle unha simbólica benvida a todos os mozos e mozas que tomaron a decisión de cursar a carreira na Universidade da Coruña. Para eses arredor de 3.500 estudantes que renovan a seiva universitaria cada curso, e para os seus compañeiros veteranos e veteranas, deben ir os nosos primeiros pensamentos e o noso compromiso esencial de nos esforzar por estar á altura das súas expectativas.

...

Coido razoable aproveitar esta ocasión en que a sociedade mira para nós para expoñer, en voz alta, algunhas reflexións e preocupacións sobre o momento que vive a Universidade.

Témolo que facer, en primeiro lugar, por unha obriga básica de transparencia.

E témolo que facer, sobre todo, porque milleiros de familias depositan en nós a confianza para formar aos seus fillos e porque a sociedade, no seu conxunto, ten dereito a coñecer que acontece na institución responsable da formación superior, da investigación e da transferencia de coñecemento ao seu contorno socioeconómico. Non se esqueza que os cidadáns ven a Universidade como a institución en que máis se pode confiar, como salientan recentes enquisas de valoración social, o que non é pouco nestes tempos de escéptico desacougo.

...

Ao longo do curso último completamos o despregamento da nova estrutura de titulacións. Consolidamos a nosa oferta de graos e posgraos e mantivemos o noso activo posicionamento a prol dunha máis estreita colaboración coas outras dúas universidades galegas, seguindo a senda positiva aberta polos posgraos interuniversitarios. A carencia de recursos para adaptar as infraestruturas non vai impedir que cumpramos co noso compromiso de incorporar os aspectos de renovación pedagóxica inherentes á incorporación ao Espazo Europeo de Educación Superior.

Somos unha universidade pública e compartimos con toda a sociedade a fonda preocupación polas consecuencias da crise económica e financeira, en especial polas súas duras secuelas de paro. Entendemos

as dificultades das administracións públicas para enfrontar a drástica caída de ingresos nos últimos exercicios e para manter os niveis de benestar.

Mais non reflectiríamos con sinceridade o noso estado de ánimo se non expresásemos publicamente a nosa inqueda polo alcance dalgúns dos recortes que se veñen aplicando e que afectan, de cheo, ao gasto en educación e investigación.

Non me estou a referir agora á minoración salarial aplicada xa a todos nós como empregados públicos, senón a aquelas medidas de redución de gastos e investimentos que inciden directamente na calidade da docencia e da investigación que se realiza nos campus. Esa docencia e investigación que, ao mesmo tempo, todo o mundo coincide en sinalar como estratéxica, clave, esencial e outros adxectivos sinónimos, para o desenvolvemento económico e para o progreso na sociedade do coñecemento.

Cómpre lembrar que, por mor da boa xestión económica destes últimos anos, na UDC puidemos amortecer o impacto inicial dunha redución orzamentaria anunciada en principio para un ano, pero que xa se aplicou en dous exercicios e vai ter continuidade no de 2012. Os reitores temos unha incómoda sensación de vivir en estado de emerxencia, obsesionados todo o día por salvar os mobles e minimizar as perdas en intelixencia e coñecemento.

De todos é sabido que esta conxuntura económica (que, por certo, trouxo máis estudantes ás aulas) colleu á Universidade

en plena transición educativa, quizais a maior da súa historia. Unha transición que, entre outras cousas, implica traballar con grupos máis pequenos e realizar titorías e unha atención moito máis personalizada.

Quixéramos que a sociedade e os centros de decisión política e económica considerasen en todo momento que as nosas facultades, escolas, laboratorios e centros tecnolóxicos asumen dobre función –docente e investigadora–, co que isto implica na determinación das necesidades de persoal altamente cualificado.

No que atinxe á investigación, ás veces se nos antollan un tanto obscenas certas acusacións de ineficiencia e certas comparacións que obvian o financiamento que reciben os sistemas universitarios noutros países, con diferenzas abismais respecto dos recursos dispoñibles polas nosas universidades.

Permítanme lembrar que, a partir da Lei de da Ciencia de 1986 e dos primeiros plans de nacionais de I+D, produciuse en España un espectacular despegue que nos sitúa hoxe entre as dez primeiras potencias científicas do mundo. E iso foi así malia o noso país investir só un 1,38 do seu PIB en I+D, exactamente un punto por baixo da media dos países da OCDE. Semella un alto índice de eficiencia, xa que logo.

E debemos reiterar que as universidades achegan xuntas os dous terzos desa produción científica. Así que, cando menos, débese nos reconecer, como lembra a Conferencia de Reitores das Universidades Españolas, “*que as universidades do Estado veñen optimizando ao máximo os seus recursos*”, en lugar de virnos con andrómenas, non sei se malintencionadas ou malinformadas, pero si inxustas de raíz.

En resumo: destinamos a I+D un punto menos que o resto de países do noso contorno e dedicamos a educación superior un 1,1% do PIB, lonxe do 1,5% da media europea. Como di a profesora Margarita Salas, “*co financiamento que temos en España, fanse milagres en ciencia*”. No caso específico de Galicia a situación resulta aínda peor, pois os recursos para as universidades andan pola metade das cifras europeas.

...

A Universidade ocupa un papel principal nunha economía centrada no coñecemento. Atopamos unanimidade no discurso público ao avaliar como estratéxico o investimento en educación e en I+D+i. Mais tamén percibimos, como vimos advertindo, un apreciable grao de incoherencia ao trasladar á acción política ese criterio unánime. Abonda con lembrar que o ano pasado non se convocaron bolsas e contratos para investigadores novos e que este ano se retoman só pola metade, como se acaba de difundir nos medios de comunicación. Países como Francia ou Alemaña, tan invocados para outras cousas, tiveron a valentía non só de non tocar o investimento

universitario e científico, senón mesmo de acrecentalo. Hai, logo, outros modelos.

Un preocupante “sintoma guía”, se tomamos como metáfora a lección que vén de impartir o profesor Pita. Non viría mal tamén que se nos aplicase o principio hipocrático que invocaba o doutor hai uns minutos: *primum non nocere*, o primeiro é non facer dano.

As cousas da ciencia non van a golpe de clic. O saber non se xera dun ano para outro, coma se fose unha competición deportiva. Os científicos non se improvisan. Son o froito de anos de estudo, formación, dedicación e procura da excelencia. Capital humano en estado puro que require anos, paciencia, constancia e unhas mínimas perspectivas profesionais que hoxe se lle negan aos que queren facer carreira investigadora.

Interromper o proceso de consolidación dunha masa crítica docente e científica de calidade é un grave erro que pagaremos nos anos vindeiros. Non temos máis ca lembrar o custo social, económico e cultural que tivo para España o atraso científico durante a longa noite do franquismo. Semella que non queremos aprender as leccións da Historia, aínda moi próximas no tempo.

Polo demais, os problemas de financiamento derivan de medidas de política económica aplicadas –con mellor ou peor tino– para facer fronte a unha crise que non veu precisamente da esfera do público, senón inducida polo descontrol daqueles que, como escribiu Keynes, serían capaces de apagar o sol e as estrelas porque non dan dividendos.

...

Coido, honestamente, que a Universidade da Coruña, coas súas debilidades e fortalezas, está na senda correcta.

Concluída a reconversión dos títulos, a nosa oferta académica céntrase en 38 graos, 38 programas de doutoramento e 45 mestrados oficiais, varios deles de carácter interuniversitario. As enquisas de seguimento que lles facemos cada ano aos nosos egresados mostran un elevado grao de satisfacción coa formación recibida nas facultades e escolas da Coruña e de Ferrol. Para nós, este é un dato sumamente relevante, que nos enorgullece e serve de estímulo para continuar subindo chanzos na cultura da calidade introducida estes últimos anos.

A nosa capacidade de produción científica segue un ritmo estable de progresión, asentada en bases moi sólidas e con boas perspectivas de futuro. Así mesmo, puxemos especial atención en atender un déficit común a todo o Estado, que é a transferencia de coñecemento e a tradución de parte da investigación a innovación e aplicacións tecnolóxicas.

Para ese achegamento necesario entre Universidade e contorno socioeconómico,

deseñamos o Parque Tecnolóxico. Na súa consolidación e crecemento continuamos a traballar, como demostra o feito de que, malia o mal momento para obter financiamento, teñamos comprometidos fondos europeos para construír o edificio onde se instalará o Centro de Innovación Tecnolóxica para a Terceira Idade e Persoas Dependentes (ASISTA).

En paralelo, afianzamos un amplo abano de relacións con empresas, institucións e fundacións de distinta índole e puxemos en marcha accións moi específicas, como, por exemplo, o apoio económico a liñas concretas de investigación, ou as que, en colaboración con distintas institucións e coas outras universidades galegas, diríxense a apoiar a inserción laboral dos nosos titulados e tituladas.

...

Este acto académico solemniza o comezo dunha nova xeira no proceso, propio da Universidade, de creación e transmisión do saber. Un sinal non só de continuidade, senón tamén de normalidade porque, malia a fonda preocupación que veño de expresar (e que nos leva a “*conducir á defensiva*”, tal como recomendan os sinais de tráfico nalgúns países latinoamericanos) non nos faltan folgos para cumprir a nosa misión no servizo público da educación superior.

Con esa claridade no rumbo que levamos e coa certeza de que sabemos a onde e por onde ir, enfrontaremos os nosos obxectivos docentes e científicos para este curso, así como os procesos correspondentes no ámbito da xestión, tal como reflectimos no Plan Estratéxico aprobado polo Claustro con moi amplo respaldo.

Tamén, en poucas semanas se convocarán as eleccións a reitor, pois quen lles fala está a cumprir o seu segundo e derradeiro mandato, conforme á limitación que nós mesmos promovemos nos Estatutos. Estou seguro de que, de novo, a comunidade universitaria enfrontará o proceso coa serenidade e a responsabilidade demostradas en ocasións anteriores e dun xeito compatible co normal desenvolvemento das actividades nos centros.

Oito anos de xestión á fronte da Universidade dan para moitas satisfaccións e para non poucos contratemplos, como é lóxico. Mais, en todo caso, calquera que asuma tarefas de xestión lévase canda el a íntima satisfacción de ter traballado, con intensidade, polo ben da institución. E, sobre todo, de facelo coa colaboración estreita de moitos compañeiros e compañeiras e coa crítica responsable de todos cantos, como a min, se sinten concernidos polo progreso da nosa Universidade da Coruña.

Para todos e todas o meu fondo recoñecemento.

Mais nada. **Moitas grazas.**



Universidade & Sociedade Blogpaper



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Directorio P2

Editorial P2

U + Sociedade P3

Antonio Abril Abadín

U + Reportaxe P4-9

Inauguración do curso 2011-2012

Último discurso de apertura de curso do Reitor

O Cambio Tranquilo

Relevo na UDC tras oito anos de mandato de José María Barja

A aposta do equipo de goberno centrouse sempre pola transparencia, o traballo en equipo e a participación da comunidade universitaria

U + Entrevista P10-11

José María Barja

U + Cooperación P12

Aposta pola cooperación da UDC e Inditex

U + Profesionais P13

Diego Ferreiro

U + Empresa P14

Santiago Mediano Abogados

U + Actualidade P15

U + Personaxes P16

Xosé Manuel Casabella

O cambio tranquilo

Nos seus dous mandatos como reitor, José María Barja sempre apostou pola transparencia, o traballo en equipo e a participación da comunidade universitaria

“Buscamos un cambio de estilo de xestión, baseado na transparencia, na calidade, na cooperación e na competitividade”. Así definía José María Barja o programa do seu equipo para as eleccións a reitor do ano 2003. A palabra “cambio” era a que máis se escoitaba no seu discurso, e o cambio chegou finalmente o 2 de decembro de 2003. Fíxoo de forma contundente, tras unha mobilización electoral sen precedentes entre os 25.000 universitarios chamados ás urnas. A participación, superior ao trinta por cento, foi histórica, destacando sobre todo o alumnado, que rachaba coa tradicional abstención masiva e acadaba case o 40% de participación. A implicación de toda a comunidade universitaria actuou como impulsora da vitoria de José María Barja, candidato de Nova Luce, que levou o 57,04% do total dos votos e impúxose en dezaioito das vinte e unha facultades dos campus coruñés e ferrolán.

Para o estudiantado, peza clave da súa vitoria electoral e “razón de ser da universidade”, serían as primeiras palabras

do discurso de investidura como reitor de José María Barja nun acto celebrado o 13 de xaneiro de 2003 no Paraninfo, coa presenza do daquela presidente da Xunta, Manuel Fraga. Vital consideraba tamén Barja a participación do alumnado no proceso de adaptación dos campus ao modelo europeo de ensino, pedra angular do seu programa electoral e despois dos seus dous mandatos. No discurso que pechou a cerimonia, en que o novo reitor recibía o bastón e a medalla que distinguen o seu cargo, quedaron claros os eixes do plan de goberno dos seguintes catro anos: a construción dunha universidade plural, solidaria, aberta á sociedade, competitiva e comprometida coa xestión, a docencia e a investigación de calidade. «A universidade que queremos, que necesitamos, esixe a participación de todos», sinalaba Barja, para concluír a súa intervención con outras das súas mensaxes recorrentes como reitor: “Cumprido o rito, agora chega o momento de traballar”.

SEGUNDA VITORIA

Catro anos de traballo en que non foron poucos os atrancos para cumprir os obxectivos esbozados no hoxe afastado ano 2003. Transparencia e accesibilidade son as dúas palabras con que José María Barja definía o seu primeiro mandato pouco antes da súa culminación. Un período en que se realizou un gran esforzo pero no que aínda quedaba moito por facer, como recoñecía o propio reitor, sobre todo tendo en conta a entrada no Espazo Europeo de Educación Superior. Finalmente, ese esforzo viuse referendado en 2007, cando José María Barja acadou a súa segunda vitoria como candidato a reitor.

Xa coa experiencia dun primeiro mandato, Barja pedía a continuidade para culminar un “proxecto innovador”, baseado nunha

universidade con todas as portas abertas, e repetía outro dos principios fundamentais do seu labor de goberno: “a forza do noso proxecto é o traballo en común”. A súa “opción de progreso”, como definía o reitor a súa candidatura, foi apoiada por un 62% dos votantes. Barja impoñíase en 44 das 61 mesas electorais, conseguindo unha vitoria máis que folgada que lle daba a oportunidade de tratar o cambio definitivo da Universidade da Coruña, tal como el mesmo explicaría nun artigo de opinión publicado en novembro de 2007. Nel lembraba que o sistema universitario galego debería estar adaptado ao Espazo Europeo de Educación Superior no ano 2010. “Haberá mudanzas na estrutura das titulacións e na súa duración, mais tamén un novo paradigma de aprendizaxe, baseado na adquisición por parte do estudiantado non só de coñecementos teóricos, senón tamén de habilidades, destrezas e competencias, e unha docencia personalizada e máis práctica, en grupos menores”. Este augurio de Barja completábase co seu convencemento de que “isto supón unha revolución para o conxunto do sistema universitario galego, que leva anos a prepararse e a formar o seu profesorado para afrontar esta renovación metodolóxica”.

UNHA INSTITUCIÓN ABERTA Á SOCIEDADE

O que Barja anunciara en 2007 cumpríase e hoxe, nos inicios do curso 2011-2012, a adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior está plenamente consolidada, coa reconversión de todos os títulos e unha máis que notable satisfacción por parte do alumnado e do profesorado, que realizou un grande esforzo para reaxustar o sistema de traballo. Outro dos avances destacados dos últimos oito anos é o achegamento entre a universidade e o contorno socioeconómico, con iniciativas de gran envergadura como a posta en marcha do Parque Tecnolóxico. A creación deste conxunto de centros de investigación que se reparten entre os campus da Coruña e Ferrol xurdía da necesidade de establecer un espazo físico real e compartido para a universidade e a empresa. Para xestionar as relacións entre estes ámbitos creouse tamén un vicerreitoría específica, e a OTRI (Oficina de Transferencia de Resultados da Investigación) traballa activamente para





optimizar os resultados que se acadan na universidade coruñesa e mesmo apoiar a creación de *spin off*, é dicir, empresas de base tecnolóxicas xurdidas na propia universidade.

Non só a investigación e a tecnoloxía sustentan a relación coa sociedade. A cultura é tamén un excelente axente transmisor e baixo esa filosofía creouse Normal. Este espazo destinado principalmente a xente nova e a aposta da UDC polas artes emerxentes e por unha concepción aberta da cultura. Unha proposta interdisciplinaria e un lugar activo para o debate e a creación que co seu nome lle fai unha particular homenaxe ao vello edificio que o alberga, o da Escola Normal do Maxisterio Primario, coñecido desde sempre como A Normal.

Todos estes avances fixéronse intentando acadar a maior excelencia na xestión dos recursos existentes, sobre todo nun momento en que a crise económica está ameazando o financiamento das universidades e por conseguinte a calidade da formación do alumnado e o desenvolvemento da investigación. Este é un problema que nunca quixo ocultar José María Barja. Varias veces reiterou que “a universidade non pode ser o chibo expiatorio da crise”, e sempre incide nos seus discursos na idea de que a sociedade do coñecemento, o impulso á I+D+i e, sobre todo, o apoio á formación dos profesionais do futuro son as grandes chaves para saír do túnel.

UN CATEDRÁTICO AMANTE DA ÁLXEBRA E A LITERATURA

José María Barja (Mondoñedo, 1951) foi dos primeiros universitarios galegos en utilizar ordenador, un IBM 1139 que parecía unha mesa velador inmensa. Corrían os anos 70 e Barja era bolseiro do Plan de Formación do Departamento de Álgebra e Fundamentos da Facultade de Matemáticas de Santiago, centro en que se licenciou e no que sería profesor anos máis tarde, despois de pasar un ano na Escola Técnica Superior de Enxeñeiros Industriais de Vigo para ensinar Álgebra, a súa paixón e a disciplina de que é catedrático desde os 32 anos. Polas tres universidades galegas, ademais de pola da Laguna ou pola de Málaga, onde foi vicerreitor, pasou o actual reitor da UDC, vinculado a esta institución desde a súa creación. Director do Departamento de Computación e despois decano da Facultade de Informática, Barja deixou por uns anos o seu campus de Elviña para trasladarse á Maestranza, onde exerce como reitor desde o seu primeiro nomeamento, o 8 de xaneiro de 2004. Desde entón dedícase á xestión da Universidade da Coruña, un cargo que como el mesmo confesa “dá para moitas satisfaccións e non poucos contratempas”. Aínda que a súa axenda lle deixa pouco tempo libre, aínda atopa algún que outro oco para divertirse coas implicacións da lóxica nos libros de Sherlock Holmes. Matemática e Literatura: as súas dúas grandes paixóns.

CRONOLOXÍA

- 2 / 12 / 2003** José María Barja acada a vitoria nas eleccións a reitor, uns comicios que pasarán á historia pola alta participación, sobre todo do estudiantado.
- 08 / 01 / 2004** Apróbase o decreto polo que se nomea reitor da UDC a José María Barja. O Consello da Xunta dá luz verde ao decreto e faino oficial.
- 13 / 01 / 2004** Toma de posesión oficial de José María Barja como reitor da UDC. Preside o acto, celebrado no Paraninfo da Universidade, o daquela titular da Xunta, Manuel Fraga.
- 16 / 11 / 2007** José María Barja presenta a súa candidatura como reitor da Universidade da Coruña.
- 4 / 12 / 2007** Eleccións a reitor da Universidade da Coruña. Barja impoñe por unha ampla marxe, que supera o 62% dos votos. A vitoria é rotunda na Facultade de Informática, da que era decano.
- 14 / 01 / 2008** O entón presidente da Xunta, Emilio Pérez Touriño, presidía o acto de investidura de José María Barja como reitor. A diferenza do ocorrido en 2004, a investidura afecta a todo o equipo de goberno.
- 19 / 09 / 2011** Último discurso de apertura de curso de José María Barja como reitor da Universidade da Coruña.



José María Barja

Reitor da Universidade da Coruña

“Na universidade temos unha enorme capacidade para adaptarnos aos cambios porque a nosa autocrítica é brutal”

POR CARMINA ESCRIGAS

Cal foi o seu primeiro sentimento cando foi elixido por primeira vez reitor da Universidade da Coruña?

Supuxo unha alegría moi grande non só a nivel persoal, senón tamén polo grupo de xente que colaborara no proceso.

E cal é o sentimento agora, que toca a despedida tras pasar oito anos despois da súa elección?

Que toca o relevo e que isto segue, segue a vida. Non teño ningún sentimento de final. Hai outras cousas ademais da reitoría, como o traballo científico, que a estas alturas tiña bastante relegado. Lembremos que ser reitor consiste en que unha das persoas que traballan na universidade se fai cargo por un tempo da súa xestión, pero a súa tarefa básica segue a ser a de profesor e investigador. En calquera caso, hai que ver o relevo con normalidade e naturalidade, sobre todo porque o tempo estaba fixado. Aos oito anos non hai posibilidade de reelección, polo que sabes perfectamente cando empezas e cando vas rematar se es reelixido polo medio. Eu díxeno desde o primeiro momento e de feito tivemos que cambiar os Estatutos para garantir esta rotación. É o sistema norteamericano, e é o mellor.

De que logro ou proxecto materializado de todo este período se sente máis orgulloso?

Eu penso que se avanzou nunhas cantas cousas. A investigación subiu fortemente nestes últimos anos. Tamén puxemos en marcha o parque tecnolóxico, con todas as dificultades construtivas, de espazo e de cartos que iso implica. Que lle gustaría a un? Rematalo, por suposto, pero iso tocaralle a outro. Quizais pode quedar algo de sensación agriadoce de non telo acabado, pero o importante é que se iniciou e que está ben encarrilado, e para iso fixeron falta non só recursos, senón tamén empuxe para aproveitar a oportunidade.

Cal foi o principal obstáculo que tivo que sortear?

Debemos partir da base de que a Universidade da Coruña ten unhas carencias fortes, non só de infraestruturas, senón tamén de equipos e incluso de xestión. Movémonos con moi poucos medios en cada un dos servizos. E enriba temos a crise económica. Levan tres anos dicíndonos que hai que apertar o cinto, pois que manden máis cintos porque xa acabamos os buratos. Bromas aparte, estamos defendendo o que temos no medio dunha situación moi complicada con carencias moi serias. De momento non hai posibilidade de dar un gran salto neste sentido.

No seu discurso de apertura do curso sostiña que outro sistema é posible, que noutros países se está apostando pola sociedade do coñecemento e lonxe de recortarse, ampliáanse os orzamentos para educación e I+D+i.

Dígoo e repítoo. Pero iso son decisións políticas, alguén ten que as adoptar e non vale con dicilo, hai que o demostrar. De aquí ao ano 2020 a demanda de formación superior vai ser brutal porque non vai haber emprego para formacións elementais. A crise da construción está ofrecendo uns datos terribles sobre a formación dos parados galegos. O 40% non ten estudos primarios, polo que reciclar esas persoas é moi difícil. A comparación con Centro Europa, por exemplo, dá arrepios. Alí a porcentaxe de xente con estudos secundarios é do 80%. Nós estamos moi lonxe, entre outras cousas porque a nosa economía medrou moi rápido, e a alternativa ao abandono escolar era aquilo de “pois póñote a traballar”.

Logo estudar xa non será unha opción, senón unha necesidade.

Xa o estamos percibindo. Este mesmo curso está subindo a demanda de ensino a todos os niveis porque hai moita xente que perdeu

o traballo e está volvendo a estudar. O que pasa é que volver aos estudos primarios con 23 anos é moi duro, pero inevitable.

En que medida está afectando a crise á investigación?

Aí temos un verdadeiro problema. A investigación recibiu un impulso moi forte desde os anos 80 e houbo un gran despegue. Hoxe xa sabemos que hai dificultades económicas para todos os sectores, pero o que non se pode facer é cortar ese proceso de desenvolvemento, porque se o interrompemos volveremos atrás moitísimos anos. Temos que ter moito coidado.

Tan mal está todo?

De ningunha maneira. A universidade nunca estivo mellor que agora, outra cosa é que o nivel de esixencia aumentou de xeito brutal. O problema é que un corte no proceso de desenvolvemento universitario pódenos levar atrás décadas.

Polo menos parece que a crise non conseguiu frear a integración no Espazo Europeo de Educación.

Non foi doado, pero dentro do que cabe estou moi satisfeito de como se desenvolveu ese proceso na Universidade da Coruña. Foi moito máis complicado do que parece, sobre todo o cambio de mentalidade, pero fíxose un gran esforzo por parte de moita xente e estamos vendo resultados alentadores. Por exemplo, no caso dos estudantes, sobre todo nos centros de grande entrada, senten que deixan de ser un número e reciben unha atención máis personalizada. Penso que na Coruña acometemos o proceso dun xeito moi natural e moi ordenado. Moito mellor que noutros ámbitos en que aínda se está a discutir como facelo. Ademais, e dígoo sen ánimo de parecer demagóxico, aos profesores pediúselles un grande esforzo para adaptarse ao Plan Boloña e aínda por riba baixáronlles o soldo.





Ao final é unha cuestión de vontades?

Totalmente. E non só iso. Na universidade hai unha capacidade inmensa de adaptarse a moitos cambios con moi poucos recursos. Sobre todo porque temos unha autocrítica brutal. Sempre nos flaxelamos enormemente e porén hai outras institucións que non funcionan e aínda enriba opinan.

O inmovilismo que lle achacan desde algúns ámbitos á universidade é daquela un mito?

Eu penso que si, hai moita xente que aínda non se deu conta de que a universidade cambiou. Por exemplo, nós temos moi interiorizada a relación universidade-empresa. Unha das nosas funcións é a transferencia de coñecemento e tecnoloxía, e iso estase cumprindo. Temos que lograr unha simbiose entre o sector empresarial e o universitario, pero é complicado, porque o labor que desenvolvemos, por exemplo, colaborando con moitas pequenas e medianas empresas, ás veces non se percibe.

Sempre confiou no traballo colectivo como o mellor sistema para afrontar os desafíos da Reitoría. É indispensable un equipo cohesionado para levar a bo porto a xestión dunha universidade?

En calquera institución, e moito máis na universidade, non se entende a xestión personalista, sería ridículo pensar o contrario. O equipo ten que funcionar, moderadamente coordinado, cunha estratexia común. Na universidade houbo iniciativas como o plan estratéxico en que se acadou un gran consenso, do cal estamos moi orgullosos, porque non é doado poñer maioritariamente de acordo a un claustro de trescentas persoas. A capacidade executiva dun reitor é limitada, afortunadamente. As cousas non se fan porque si, fanse porque hai un acordo, porque unha maioría o encontra razoable e sensato por convencemento.

O plan estratéxico deixa o camiño ben marcado a longo ou polo menos a medio prazo?

Desde logo a liña está marcada, non podemos facer plans curtopraxistas sobre todo cos problemas de recursos que temos, porque a execución dun plan estratéxico depende do plan financeiro. Estamos ante unha situación complicada.

En decembro será un novo equipo o que se atopará con esa complicada situación. Como ve o futuro da Universidade?

Eu niso estou tranquilo. Cada un dos candidatos ten o seu estilo, pero as liñas están aí. E desgraciadamente tamén as limitacións veñen impostas. Por suposto hai certa marxe para facer cambios, pero debemos lembrar que a Universidade ten unha vocación milenaria que non cambia. Grazas a esa inercia de funcionamento esta universidade necesariamente crecerá. Evidentemente podo ter as miñas opinións sobre quen poderá facelo mellor ou peor, pero é a propia universidade, como institución, a que vai decidir dentro deses límites que liña debe seguir.

Non é a da Coruña a única reitoría en que vostede asumiu tarefas de xestión. Tamén foi vicerreitor en Málaga. Hai moitas diferenzas entre unhas universidades e outras?

Todas as universidades se parecen, iso está claro, pero cada unha ten a súa singularidade. Málaga, por exemplo, cambiou moito, o campus medrou e está plenamente integrado dentro da cidade. A Coruña é unha universidade distinta, con outras dimensións, e con singularidades como o seu alto compoñente tecnolóxico. Pero á súa vez centros como as facultades de Ciencias e Ciencias da Educación tamén marcan un peso dentro da UDC, o que a fai bastante equilibrada en canto a campos de coñecemento. No aspecto urbanístico, en 25 anos foise xerando unha limitación de espazo e de crecemento físico. A cidade

está cercando os campus, sobre todo o de Elviña. Iso é inevitable e ten as súas vantaxes, pero eu tamén penso que a cidade debe ser consciente de que ten unha universidade aí e ás veces parece que iso se esquece un pouco.

Por certo que nuns meses volverá a Elviña, á súa facultade.

Sempre tratei de manter o máximo contacto, tanto cos profesores como cos grupos de investigación. Estou encantado de volver a Informática.

Chega en pleno auxe das tabletas e os smartphones. Como leva esas modernidades?

Eu saio da Reitoría moito máis moderno do que entrei, non vaia pensar. Ademais o da mazanciña xa o levaba eu posto cando marchei de alí.

E non ten ganas de descansar un pouco?

Unicamente no que respecta á axenda. O cargo de reitor leva consigo un papel de representación moi intenso e eu tratei de que a Universidade da Coruña estivese moi presente na sociedade. Creo que nin me pasei nin me quedei curto.

Se tivese que resumir nunha palabra o seu balance xeral destes oito anos, cal sería?

Imposible nunha palabra. Por unha banda é un traballo moi ilusionante, pero ten tamén un compoñente de frustración porque as cousas que intentas facer van moito máis lentas do que ti quixeses. Romper os tempos, as inercias e os límites non é doado. No persoal o máis enriquecedor é a xente tan interesante que puiden coñecer en todos os ámbitos. E no académico, as persoas que colaboraron ao longo destes oito anos e o contacto permanente cos demais reitores das universidades españolas.





A UDC colabora co grupo Inditex para o desenvolvemento da educación en Bangladesh

A cooperación internacional, a transferencia de coñecemento e a difusión da cultura son os tres piares que presiden o proxecto desenvolvido conxuntamente pola Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago e o grupo Inditex, que situou a educación como unha das claras apostas da súa política de mecenado de iniciativas sociais. O acordo acadado por este importante grupo empresarial e as dúas institucións académicas permitiu desenvolver a Cátedra Inditex de Español na Universidade de Dhaka, en Bangladesh, con profesorado procedente das universidades galegas para impartir clases de lingua e cultura españolas. Ademais, o convenio recolle a posta en marcha por parte do grupo téxtil dun programa de bolsas para graduados e posgraduados da universidade bengalí, así como o traslado de profesores e investigadores a España para que se formen na materia obxecto desta cátedra.

Ademais de asinar este convenio con Pablo Isla, actual presidente executivo de Inditex, que era conselleiro delegado do grupo cando se subscribiu o acordo, o reitor da Universidade da Coruña, José María Barja, desprazouse a Bangladesh para participar na inauguración da Cátedra Inditex de Lingua e Cultura Españolas. No acto celebrado no edificio universitario de nova construción situado na capital do país e financiado pola multinacional coruñesa, estiveron presentes o ministro bengalí de Educación, así como o secretario xeral de Inditex e presidente do Consello Social da UDC, Antonio Abril, e os reitores das Universidades de Santiago de Compostela, Juan Casares Long, e de Dhaka, Arefin Siddique.

A Cátedra Inditex, que conta co apoio da Asociación de Fabricantes de Téxtil de Bangladesh, está aberta a todo o alumnado da Universidade de Dhaka. En total pode atender cada curso a unhas 200 persoas,

grazas á incorporación dos docentes da UDC e da USC. Ademais de incidir na aprendizaxe de español, impartiranse contidos que permitan ao alumnado achegarse ao conxunto da cultura española, desde a literatura ata o cinema.

Con respecto ao edificio universitario, as instalacións contan con 450 metros cadrados útiles, en que se distribúen varias aulas, salas de profesores, unha biblioteca e unha aula multimedia. O centro alberga tamén unha Biblioteca de Español con fondos bibliográficos achegados polo grupo Inditex.

Esta iniciativa impulsada conxuntamente desde o eido empresarial e o universitario implica un salto cualitativo no ensino de español na universidade bengalí, onde ata a creación da cátedra asumían a docencia de castelán profesores do propio país asiático. Por tanto, este proxecto non só constitúe un paso máis na cooperación internacional universitaria. Tamén supón unha oportunidade para que as institucións galegas de educación superior dispoñan dun espazo de promoción en Asia, a través dun país cunha poboación de máis de 160 millóns de habitantes.

Bangladesh é un dos países do mundo con maior densidade de poboación e tamén un dos máis pobres. Actualmente, case a metade da poboación vive por debaixo do límite da pobreza e o sector téxtil constitúe a maior fonte de crecemento económico, por enriba da agricultura, que é o sector a que maioritariamente se dedican os habitantes deste país.





Diego Ferreiro

Licenciado en Informática pola Universidade da Coruña, promoción 2005-2010

Actualmente traballa na empresa Yahoo en San Francisco

“Non podemos esperar que as ofertas caian do ceo, a sorte hai que a buscar”

Que lembranzas recorda con máis cariño da súa etapa como universitario na Coruña?

Sobre todo as vivencias cos compañeiros de clase. Foron moitos anos de aventuras e anécdotas, que creo lembrarei sempre. Incluso nos momentos duros como exames ou prácticas, sempre atopabamos un oco para divertirnos.

Que lle achegou principalmente o seu paso pola Universidade da Coruña a nivel persoal?

Pois un entra un pouco nun mundo novo ao comezar a carreira. Novo contorno, novos compañeiros, novas metas etc. Aprendes a buscarte a vida e a valerte por ti mesmo. Creo que medrei moito como persoa despois destes anos de vida universitaria.

E a nivel académico e profesional?

Evidentemente, a universidade proporciona as bases técnicas fundamentais para o desenvolvemento da túa vida profesional posterior. Con todo, desde o meu punto de vista botei en falta unha parte máis práctica de cara a ese salto ao mundo laboral. Se só estudas o que se che esixe, é probable ter problemas á hora de conseguir traballo.

Estudaría de novo a mesma carreira na mesma universidade?

Sen dúbida ningunha, tíveno claro desde moi pequeno, cando empezaba a estragar os ordenadores da miña casa no meu afán de aprendizaxe.

Cando rematan a carreira, moitos estudantes atópanse nun limbo antes do seu acceso ao mercado laboral en que, en ocasións, se senten perdidos. Desde a súa experiencia, que consello lles daría a estes estudantes?

O meu consello é que vaian pensando xa nos últimos anos de carreira, que é o que queren facer ao rematar e ata onde queren chegar, así terán máis tempo para tomar decisións e ir debuxando as metas futuras. Mencionaría dúas ideas fundamentais: Ter paixón polo que un fai, e non esperar a que as ofertas caian do ceo. A sorte hai que a buscar. Esas ideas foron as que me levaron ata onde estou agora.

Acabas de chegar a San Francisco para traballar nada menos que en Yahoo.

Como está resultando a experiencia?

Pois por agora moi interesante, sobreesaturado de información, xa que son moitas cousas, á parte do traballo, das que tes que estar pendente: visado, casa, seguridade social, impostos... Pero o contorno é fantástico, todo o mundo intenta axudarme nas miñas primeiras semanas. Aprendes a un ritmo frenético.

Cal é o labor que desenvolves na empresa?

Traballo como desenvolvidor de software no equipo de dispositivos móbiles. Basicamente encargámonos de todos os proxectos relacionados con iPhone, Android etc, desenvolvendo novas interfaces web e aplicacións para estas plataformas. O que máis me gusta é saber que o teu traballo está sendo usado por millóns de persoas no seu día a día.

Cales son os teus principais retos de futuro na profesión?

Pois por agora intentar facelo o mellor posible e seguir aprendendo da xente tan brillante con quen traballo no día a día. O nivel é alto, pero é un reto continuo que che axuda a mellorar constantemente. Intentarei tamén traer un pouco dese coñecemento, tanto técnico como persoal á universidade, por medio das xornadas que realizamos todos os anos coa nosa asociación GSIC.

Que foi o que te levou a abandonar o teu país para desenvolver a túa carreira profesional?

Tristemente, en España as perspectivas laborais para un enxeñeiro son bastante pobres. Xa non só a nivel económico, senón tamén a nivel técnico e intelectual. Non hai, salvo casos excepcionais, un contorno propicio para poder aprender e desenvolverte profesionalmente mentres ganas un salario minimamente digno (correspondente aos coñecementos que se supón que adquiriches). A solución está clara, buscar noutros sitios o que non atopas no que estás.


Antes de viaxar a San Francisco xa estiveches en Londres. Que diferenzas atopas entre o mercado laboral e o seu sector profesional entre España e Reino Unido ou Estados Unidos?

A grandes trazos, a filosofía en ambos os lugares é bastante similar. Normalmente non preguntan nin polos teus títulos, nin polos teus mestrados etc. Son pragmáticos, queren saber que es capaz de facer o teu traballo e de o facer ben. Do mesmo xeito, non se rexen por horarios fixos, senón que deixan que o traballador sexa o que decida cando e como traballar. Creo que é un modelo que debemos importar, xa que na miña opinión somos máis produtivos desta maneira.

E cales son as principais diferenzas da vida cotiá? Que é o que máis botas de menos de España?

Sendo galego, en primeiro lugar a comida por suposto! Logo o ambiente e a proximidade dos españois bótase moito de menos. O “tapeo” cos amigos é algo raro aquí, como tamén o é irse de cañas sen que sexa fin de semana. Algo malo tiña que ter!





Santiago Mediano Abogados

O compromiso dunha firma punteira no desenvolvemento da actividade investigadora da UDC

Universidade & Sociedade Blogpaper



Directorio P2

Editorial P2

U + Sociedade P3

Antonio Abril Abadín

U + Reportaxe P4-9

Inauguración do curso 2011-2012

Último discurso de apertura de curso do Reitor

O Cambio Tranquilo

Relevo na UDC tras oito anos de mandato de José María Barja

A aposta do equipo de goberno centrouse sempre pola transparencia, o traballo en equipo e a participación da comunidade universitaria

U + Entrevista P10-11

José María Barja

U + Cooperación P12

Aposta pola cooperación da UDC e Inditex

U + Profesionais P13

Diego Ferreiro

U + Empresa P14

Santiago Mediano Abogados

U + Actualidade P15

U + Personaxes P16

Xosé Manuel Casabella

Consolidar a relación entre a Universidade e a empresa é un dos principais retos que afronta a UDC, que está a recoller os froitos dese esforzo en todas as direccións, tanto exportando coñecemento e tecnoloxía como importando *know how* e recibindo servizos de apoio á promoción da investigación. Este é o caso da empresa Santiago Mediano Abogados, que está a colaborar coa UDC para optimizar os resultados da actividade investigadora que se desenvolve na institución.

En virtude do convenio asinado coa Universidade da Coruña a través do seu Consello Social, a coñecida firma especializada na protección e defensa de activos inmateriais está a ofrecer servizos de apoio xurídico especializado en materia de investigación, fomento da transferencia de coñecemento e da relación universidade-empresa. Así, as accións do Despacho Santiago Mediano Abogados céntranse fundamentalmente na mellora das estratexias de protección xurídica, xestión e explotación dos activos inmateriais xerados pola actividade investigadora desenvolvida na UDC.


Este apoio concrétese na prestación de servizos de carácter xurídico, sobre unha base *pro bono*, no campo da propiedade intelectual e industrial, que se materializa na realización de estudos preparatorios e proxectos de normativa universitaria, así como no asesoramento para preparar, redactar e negociar contratos de colaboración en materia de investigación.

Esta colaboración é fundamental para a actividade investigadora da UDC, xa que a protección xurídica dos rendementos da investigación debe ser considerada pedra angular de calquera estratexia ou política orientada ao fomento da innovación e a transferencia de coñecemento, en tanto que permite optimizar os resultados da investigación para a súa explotación no ámbito do sector produtivo.

Pola súa banda, Santiago Mediano Abogados, dentro do seu programa de compromiso social e cooperación coas institucións, asume o empeño de colaborar coa UDC na definición e execución da súa política de fomento da transferencia de resultados da investigación á sociedade. O

Consello Social da UDC, na súa condición de órgano de goberno universitario, ademais de garantir a participación da sociedade galega no goberno e xestión da institución, ten encomendado a labor de procurar a implicación da Universidade no desenvolvemento de Galicia, correspondéndolle en particular o labor de fomento da actividade investigadora na Universidade e o apoio das súas políticas de transferencia e difusión dos resultados que se obteñan no marco da investigación.

Ademais desta prestación de servizos xurídicos, a firma Santiago Mediano Abogados e o Consello Social acordaron establecer canles de colaboración que permitan o desenvolvemento conxunto de actividades académicas, formativas ou divulgativas, que permitan contribuir a mellorar o coñecemento da propiedade intelectual e industrial por parte da comunidade universitaria da UDC. Así, a citada empresa participará nestas actividades formativas que organice o Consello Social.



Medra o uso das redes sociais como ferramenta de contacto permanente coa comunidade universitaria

As redes sociais estanse a converter nunha importante ferramenta para conectar os diferentes membros da comunidade universitaria e mesmo para informar sobre o que acontece na institución e para pulsar as demandas, necesidades e inqedanzas tanto de alumnado como de profesorado e PAS. Proba diso é o progresivo incremento de seguidores dos perfís institucionais da UDC tanto en Facebook como en Twitter. No primeiro deles, a Universidade coruñesa conta xa con 1.511 amigos, que poden acceder a través da páxina desta institución a todo tipo de información sobre a oferta académica, eventos ou galería fotográfica, así como interactuar a través do muro enviando comentarios. Tamén ofrece a posibilidade de conectar moi estreitamente coa UDC e cos seus membros o Twitter (@udc_gal), que conta xa con 1.149 seguidores, e que permite coñecer en tempo real a actualidade que xera a institución e mesmo enviar impresións, comentarios e consideracións relacionadas co eido académico e estudiantil.



Alumnos da UDC obteñen oito Premios Nacionais ao Rendemento Académico

Oito estudantes da Universidade da Coruña foron distinguidos nos Premios Nacionais á Excelencia no Rendemento Académico Universitario do curso 2008-2009 que convoca o Ministerio de Educación, dos que catro deles foron primeiros premios. Con estas cifras, a Universidade da Coruña sitúase no terceiro posto dentro do *ranking* universitario dos primeiros premios. Con seis premios estarían as universidades de Sevilla, Barcelona e Complutense de Madrid; con cinco, a Politécnica de Madrid, e con catro primeiros premios a Universidade da Coruña xunto coa Universitat de València-Estudi General.

O Ministerio concedeu 63 primeiros premios dotados con 3.300 euros; 63 segundos con 2.650 euros e 59 terceiros cunha dotación de 2.200 euros cada un. Ademais, outorgou 101 mencións especiais con efectos académicos. Os alumnos premiados da Universidade da Coruña son: Sabela Ramos Garea (primeiro premio. Enxeñeira en Informática), Javier García del Valle (primeiro premio. Enxeñeiro Naval e Oceánico), Alberto De Miguel Catoira, (primeiro premio. Licenciado en Máquinas Navais) Estefanía Mosquera Castro (primeiro premio. Licenciada en Filoloxía Galega), Noemí Pereira Ares, (segundo premio. Licenciada en Filoloxía Inglesa), Luis Miguel Puente Castelo, (mención especial. Licenciado en Filoloxía Inglesa), Miguel Vizoso Patiño, (mención especial. Licenciado en Bioloxía) e Santiago Martínez Varela (mención especial. Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos).

A Facultade de Humanidades chamarase de Humanidades e Documentación

O Consello de Goberno da UDC aprobou o cambio de denominación da Facultade de Humanidades, que pasa a chamarse Facultade de Humanidades e Documentación. Desta forma a nova denominación representa mellor a realidade do centro que imparte varias titulacións e non só a de Humanidades. Esta facultade do campus de Ferrol imparte o Grao en Humanidades e o Grao en Información e Documentación, ademais dos antigos plans, ata a súa extinción, de Licenciatura en Humanidades, Diplomatura en Biblioteconomía e Documentación e o segundo ciclo da Licenciatura en Documentación.

Grande éxito de oferta e participación da última edición dos cursos de verán

Os cursos de verán da UDC acadaron este ano un grande éxito tanto no que respecta á oferta académica e á variedade de campos de coñecemento como ao número de matriculas, que foi de 836 alumnos fronte aos 655 inscritos no pasado curso académico. O número de cursos incrementouse dos 16 do ano 2010 aos 25 deste ano. Ademais, fíxose un grande esforzo por achegar estas convocatorias a distintos puntos da xeografía galega. De feito, ademais de nos campus da Coruña e de Ferrol, desenvolvéronse estas actividades en Carballo, Ribadeo, Allariz, Pontedeume, Sada e Burela. Con respecto á temática, destacaron ámbitos de coñecemento como as humanidades, o turismo, arquitectura, dereito, ciencias e materias técnicas, ademais do inglés, que tivo unha grande aceptación entre o alumnado da Universidade Sénior e os estudantes Erasmus. A actividade que gozou de maior demanda foi a desenvolvida en Ribadeo sobre a utilización do ritmo e a música en educación infantil, que acadou 114 matriculas e unha ampla participación de estudantes procedentes na zona da Mariña e Asturias.

Nace o novo departamento de Enxeñaría Naval e Oceánica na Escola Universitaria Politécnica

O Consello de Goberno da Universidade da Coruña aprobou a fusión dos departamentos de Enxeñaría Naval e Oceánica, da Escola Politécnica Superior, e de Construcións Navais, da Escola Universitaria Politécnica, nun único que se chamará Departamento de Enxeñaría Naval e Oceánica e que estará localizado na Escola Politécnica Superior, no campus de Ferrol. A xustificación para esta fusión baséase en razóns académicas derivadas da adaptación das titulacións ao Espazo Europeo de Educación Superior que agrupou o ensino da área da construción naval na Escola Politécnica Superior, de mellora da xestión do profesorado e de eficiencia dos medios materiais, orzamentarios e do persoal adscrito aos departamentos. Mentres non se realicen os correspondentes procedementos electorais para elixir un novo director deste departamento, ocuparán interinamente os cargos de director e de secretario Fernando López Peña e Javier Bouza, respectivamente.

Xosé Manuel Casabella

Arquitecto. Acaba de culminar o seu labor como director da Escola Técnica Superior de Arquitectura da Coruña



O mellor recordo como estudante.

Cando desde Ferreira do Valadouro (Lugo) iamos á capital para examinarnos por libre do bacharelato no Instituto Masculino. Pasabámolo tan ben que esquecíamos que tiñamos que examinarnos diante dun tribunal para poder aprobar cada unha das materias. O Preuniversitario fíxeno en Barcelona, onde tiveron como profesor a Basilio Losada, a carreira de arquitecto na Escola de Arquitectura de Barcelona e o doutoramento na Escola de Arquitectura da Coruña.

O profesor que máis o marcou.

Teño que citar varios. Na primeira infancia a mestra D.^a Florinda. Na escola os mestres D. Celestino Díaz e D.^a Josefina Pardeiro, matrimonio que tamén nos preparaba para os exames de bacharelato por libre. En Lugo o profesor particular D. José Cabanillas (mestre nacional expedientado tras a guerra) que me daba clases de Matemática e Física e que me desvelou os, para min, "misterios" dos logaritmos, ademais doutras cousas moi positivas. Na universidade o profesor e arquitecto Federico Correa que me abriu a mente a novas experiencias.

A súa materia pendente.

Espero aínda seguir tendo inqedanzas e progresos no exercicio da profesión como arquitecto, así como noutros aspectos da vida.

A viaxe de fin de curso que lle gustaría ter feito.

Se fose posible gustárame viaxar ao planeta Marte ou á Lúa

Un fito na historia da arquitectura.

A aparición do Movemento Moderno, liderado polos arquitectos europeos Walter Gropius, Mies van der Rohe, Le Corbusier e os americanos Louis Sullivan e Frank Lloyd Wright. Tamén a actualización e modernización do ideario histórico levada a cabo polo arquitecto americano de orixe lituano, Louis I. Khan, e da introdución na linguaxe arquitectónica das particularidades locais polo arquitecto finlandés Alvar Aalto.

A principal lección que lle deron

Desde pequeno ensináronme a recoñecer os erros cometidos e a superarme aprendendo deles. Pero a principal lección deuma a propia vida. Empecei a traballar sendo aínda estudante en Barcelona, onde sentín a satisfacción do traballo persoal rigoroso e responsable e puideron tomar contacto co mundo da produción e coa realidade daqueles anos.

Se volvese aos 18 anos, elixiría a mesma profesión?

Si. O mundo da arquitectura sempre foi e segue sendo a miña paixón. Son totalmente vocacional.

O mellor recordo que conserva dos seus inicios na vida profesional.

Levar a cabo as miñas ideas arquitectónicas e poder construír aqueles primeiros proxectos de vivendas e reformas de edificios en Barcelona

O mellor consello que recibiu.

Os consellos dos meus pais, todos bos e relacionados co respecto, o esforzo, a honradez e a vontade.

O mellor consello que daría.

Non adoito dar consellos. Se mos piden dounos en función da ocasión.

Quixo que o tragase a terra cando...

As dificultades da vida sempre me fortaleceron e axudaron a mellorar. Non me desanimo facilmente.

O logro do que se sente máis orgulloso.

Síntome orgulloso da miña humilde contribución a dignificar a arquitectura e o seu ensino, respectando as leis da natureza e do progreso social, e de poder manterme firme nos meus principios.

O maior reto cumprido na súa profesión.

A sorte, como docente, de poder transmitir a unha xuventude, ávida de saber, os meus coñecementos, crear neles o interese pola boa arquitectura e contribuir con iso á mellora da harmonía e do progreso social e cultural do meu país, sen ter que avergoñarme de nada do que fixen ou estou a facer.

O seu ben máis prezado.

A saúde persoal da miña familia e achegados.